

NOTA DE PRENSA:

As organizacións ambientalistas galegas indignadas ante o ninguneo por parte da Comisión de europarlamentarios de visita en Galicia.

As organizacións ambientalistas galegas que agrupan á totalidade deste movemento en Galicia: Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA), Coordinadora para o Estudo dos Mamíferos Mariños (CEMMA), ERVA-Ecoloxistas en Acción, a Federación Ecoloxista Galega (FEG) e a Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN), non foron invitadas a participar en reunión algunha cos europarlamentarios da Comisión de Transportes e Política Rexional que hoxe 25 de marzo visitan diferentes institucións galegas e, supostamente, van a ter contacto coas organizacións cidadáns galegas para coñecer de primeira man os efectos da catástrofe do Prestige así como as posíbeis propostas e reivindicacións que a sociedade galega ten actualmente neste eido.

As organizacións ecoloxistas galegas levan moitos anos reivindicando cambios tanto na política de transportes como na seguridade marítima, e, dende o primeiro momento están a desenvolver un importante esforzo en diversas liñas en torno á catástrofe do Prestige que inclúen propostas concretas e realistas sobre o transporte marítimo. Ignorar a representatividade do movemento ecoloxista galego, o seu labor, as súas propostas e reivindicacións só pode entenderse dende a óptica da ocultación e a censura a un colectivo galego que se conta entre os que máis ten dicir.

O movemento ambientalista galego estivo presente en reunións semellantes, como foi a visita de europarlamentarios da comisión de medio ambiente. A exclusión das organizacións ambientalistas galegas é tanto máis sorprendente en canto que foran contactadas telefonicamente para convidalas a participar nun encontro cos europarlamentarios, e que a última hora anulouse a súa participación no que semella unha manobra dalgún grupo parlamentario cuxa prioridade é minimizar e ocultar a realidade e a voz das organizacións cidadáns.

Este desprezo á opinión social, xa foi patente na comisión de investigación realizada a semana pasada en Bruxelas, na que rexeitou a participación dos colectivos sociais.

As organizacións ambientalistas galegas rexeitan, polo tanto, a actuación da Comisión de Transportes e das institucións que de xeito furtivo puideran ter influído no criterio da Comisión de europarlamentarios. Ignoramos qué van a obter na súa visita á Galicia si tan só teñen contacto con gobernos de institucións máis interesados en exercicios de ocultación que en exercer unha democracia real dando participación ás organizacións sociais.

En Santiago de Compostela a 25 de marzo de 2003.

Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA)
Coordinadora para o Estudo dos Mamíferos Mariños (CEMMA)
ERVA-Ecoloxistas en Acción
Federación Ecoloxista Galega (FEG)
Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN)

prestige@adegagaliza.org
cemma@arrakis.es
erva@ctv.es
feg@jet.es
sghn@sghn.org